

**ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DE SAN XOÁN
DO DÍA 18 DE MAIO DE 2016**

No Local da AVV de San Xoán, situado na rúa Souto 11-13, Ferrol, sendo as 19:25 horas, celebrouse a Asemblea de Barrio de San Xoán cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística		
Traballador/a municipal:	Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Olalla López Barro da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	16	Nº de homes:	8
		Nº de mulleres:	8

Desenvolvemento da sesión:

Alvaro Montes, Concelleiro de Participación da a benvida ás persoas asistentes a esta asemblea, cedéndolle a palabra a Olalla López Barro da empresa Rexenerando S.Coop. Galega.

En primeiro lugar procedese a escoller os representantes de San Xoán tanto para as vicepresidencias da Asemblea de Barrio como para o Consello da Veciñanza. Previamente á asemblea presentou no Rexistro Xeral do Concello a súa candidatura Manuel Fernández Lorenzo tanto para a Vicepresidencia da Asemblea de Barrio a título individual como para o Consello da Veciñanza.

Na Asemblea presenta a súa candidatura unha das persoas asistentes para completar os nomeamentos que quedaban pendentes, polo que resultan elixidos os seguintes representantes por unanimidade dos/as asistentes á asemblea:

VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO	
A título inividual	Manuel Fernández Lorenzo
En representación de entidades	María Maceira Rodríguez (AVV San Xoán)

REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA
Manuel Fernández Lorenzo
María Maceira Rodríguez

A continuación presentase á asemblea un borrador de regulamento interno de funcionamento da mesma co obxecto de que se debata e estude por parte dos asistentes para formular todas as achegas que estimen oportunas, polo que este documento queda pendente da súa aprobación ata a vindeira asemblea de barrio.

De seguido iniciase un debate sobre a falta de asistencia a asemblea coa conclusión de que é preciso reforzar a comunicación das asembleas. Buscar un medio que reforce a comunicación pois moita xente descoñece a súa celebración.

O presidente da asemblea manifesta que na seguinte volta haberá cartelería propia que se distribuirá polos barrios. Empregaranse recursos propios como as redes sociais non haberá recursos de medios de comunicación.

Unha das persoas que participan na asemblea suxire que se cree un grupo de telegram, rede social que aumentaría a súa difusión.

Outro dos asistentes suxire que resulta máis efectivo un servizo de mensaxería.

Por último iniciase un debate entre todos os asistentes para recoller aqueles temas de tipo xeral que preocupan nestes momentos aos veciños e veciñas de San Xoán e que a modo de resumo son os seguintes:

- Precisanse máis pasos de peóns no barrio como na rúa Guerra da Cal.
- Arranxo das fochancas na rúa Rio Castro, Retorta e Fontemoura.
- Regular mellor o tráfico nas rúas Rio Castro-Fontemoura. Facer unha rotonda.
- Melloras no barrio para persoas con mobilidade reducida. Pasos de peóns e rampas de acceso.
- Diminución da velocidade.
- Beirarrúas en Espiño e Basanta.
- Falta de semaforos na Estrada de Castela.
- Deficiencias no alumbeado público na zona da Estrada de Castela.
- Obras na ponte. Arranxouse a medias a varandilla e resulta perigosa, e convinte rematar as obras.
- Rematar as obras pendentes na rúa Río Xubia, Campo de Chao, Basanta e Espiño.
- Reparación das fochancas producidas polos camións na rúa Rio Xubia na entrada da estrada de San Xoán.
- Urbanización pendente na rúa Campo de Chao. Resolución tapón urbanístico.
- Tapón urbanístico na rúa Rio Xubia que impide rematar a rúa.
- Desbroces e mantemento de fincas. Falta de desbroces e limpeza de cunetas.
- Deficiencias de zonas dotacionais (parques, xardíns, instalacións deportivas, centro cívico para compartir por todas as entidades).
- Demanda dun Centro de Saúde. Centro de Día.
- Rescatar os terros do antigo campo de fútbol para o barrio.

- Saneamento. Rede de saneamento no Camiño do Toxo.
- Proxecto de piscina na zona do Bertón.
- Control dos excrementos dos cans.
- Que se demande á empresa concesionaria da limpeza viaria que limpen todos os sumidoiros con carácter previo á outono-inverno para evitar asolagamentos.
- Facer un parque para os cans no barrio.
- Que no verano se baldeen as beirarrúas polo tema da limpeza dos excrementos.
- Control das beirarrúas polas obras de colocación da fibra óptica.
- Control das contratadas das obras do Concello.
- Queixas da telefonía móbil e internet por deficiencias na velocidade.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 20:40 horas.

O concelleiro delegado da área de
Participación, Novas Tecnoloxías
e Normalización Lingüística

O traballador municipal

Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro